

SIMAUPRO GALICIA, S.L.



"Preparei un proxecto para o presentar a un concurso nacional sobre proxectos innovadores, e gañeino"

Ramón González López

Datos básicos

Actividade:	Servizos de programación para equipos electrónicos.
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
Nº empregados	4
Inversión inicial	19.835 €
Financiamento inicial:	Fondos propios: 4.800 €. Empréstito: 15.025 €.
Web:	www.simaupro.com
Municipio:	Mos, Pontevedra
Ano creación:	1997

Descripción do proxecto

Crear unha empresa de servizos para colaborar coa industria en tarefas de programación e especialmente na implantación de sistemas de visión artificial.



Datos empresa

Claves do éxito

A nosa dispoñibilidade e o grao de resposta ante os clientes, permitiron obter bos resultados a pesar da saturación de horas de traballo. Desde o principio ofrecéronse prezos mellores para poder acceder a un mercado altamente competitivo e globalizado.

Logrouse unha especialización na programación, buscando sempre a innovación continua do produto, e consecuentemente a nosa formación continua.

Situación actual

Mantense o volume de traballo de programación cun lixeiro crecemento.

Aumenta o volume de servizos en visión artificial, especialmente porque agora fabricamos máquinas completas para control (defectos, dimensionais, etc.)

Perfil cliente

Empresas industriais, maioritariamente aquelas con procesos que se atopan automatizados e que buscan a especialización e a mellora continua do produto e do proceso.



Idea inicial

Cando estudiaba a carreira xurdiume a inqueda de preparar un proxecto de similares características ao que hoxe é a empresa, para o presentar a un concurso nacional sobre proxectos innovadores (ano 1995), que por certo gañei.

Tamén na miña etapa de estudante contactei con dous compañeiros que preparaban proxectos fin de carreira afíns ao meu.

Incorporeime como empregado dunha empresa de electricidade, pero según dándolle voltas á idea e madurando o proxecto. Antes de crear a sociedade, os tres compañeiros de estudos alugamos unha oficina onde facíamos prácticas na construción de prototipos.

No momento de decidir que íamos a constituír unha empresa, un dos tres posibles socios retirouse do proxecto, alegando que non se arriscaba a deixar o posto estábel de traballo.

Principales dificultades y amenazas futuras

- Entrada en Galicia de novos competidores na área da visión artificial.
- Segue existindo, e nun futuro próximo cremos que subsistirá o problema, un desaxuste importante entre os prazos de cobro e de pago, sobre todo nos fornecedores novos, que ao non coñecernos non nos facilitan ningún tipo de apazamento. Tamén hai que contar co lastre dos continuos desembolsos para o desenvolvemento dos produtos.
- Creo que se tivéssemos unha persoa destinada exclusivamente á administración e xestión de compras, a xestión financeira podería mellorar significativamente. Sen embargo até a data non hai un oco para ela, todo o gasto en emprego se destina a produción.

Perfil promotores

O promotor Ramón Gonzalez López é Enxeñeiro Técnico Industrial na especialidade de automática e electrónica.

A empresa conta cun socio máis.

Aptitudes necesarias

Esencialmente, crer verdadeiramente no que fas. Ademais, saber vendelo. E, naturalmente, vixiar a túas contas.



Guía de Actividad

Gabinetes de programación (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Gañar cartos

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Si. O curso de formación empresarial do programa LANZA do IGAPE.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Sí

Anecdotalio

Un dos promotores, cando tomou a decisión de abandonar a súa antiga empresa, comunicou á xerencia que o único motivo polo que se ía era que ía a embarcarse neste proxecto empresarial; os responsábeis da empresa fixéronlle a oferta de lle montar un departamento, ao que dotarían de medios, para que puxese en práctica a súa iniciativa, longamente meditada. Pero, renunciou á oferta porque quería ter independencia total e ser o único responsábel dos seus actos.

